

ai

ZARZUELA

# La tabernera del puerto

NO TEATRO JOFRE

TEATRO

# Síbaris

EN NARÓN

# Xaquín Marín

GALA DE HOMENAXE NO TEATRO JOFRE

# Paula Carballeira

A fonda vocación e calidade do traballo da fenesa Paula Carballeira vén de ser recoñecida polo Ministerio de Cultura co Premio Nacional de Literatura Dramática 2023 pola obra *As alumnas*. Unha reivindicación do legado da pedagoga coruñesa María Barbeito que agocha unha advertencia sobre conquistas sociais dadas por feitas nestes tempos vaporosos.

**TEXTO:** Nicolás Vidal | **FOTO:** Vilarinho Barrio

## **Aí. Como se recibe un Premio Nacional de Literatura Dramática?**

**PC.** Pois con abraio e sorpresa. Eu non sabía que era candidata e andaba coa miña compañía por Guadalajara. Recibo unha chamada do ministro Miguel Iceta, encantador e moi coloquial, e estaba tan feliz que nin se me pasou en ningún momento pola cabeza a idea de que fose unha broma, como me dicían os compañeiros. Logo, pola noite, non quería quedarme durmida, non fora ser que acordase e todo fora un soño.

## **Aí. E que tal a repercusión pública ante semellante galardón?**

**PC.** Como aínda non recibín o premio, nin os cartos, pois foi o máis emocionante, cunha sobrecarga de mensaxes de amigos do mundo da educación, das bibliotecas, do teatro. En certos momentos do día apagaba o móbil, aínda que logo trataba de dar as grazas a

todo o mundo cunha mensaxe.

## **Aí. A túa obra *As alumnas* foi unha encarga. Como o imaxinaches?**

**PC.** Si, foi unha encarga da produtora Culturactiva. A idea era que fose algo sobre a muller na posguerra e para dúas actrices. Partindo de aí tirei do tema da educación e do exemplo da profesora e pedagoga María Barbeito, da súa modernidade e de como influía nunha xeración de mulleres, desde a II República ata os anos 70, en que aquelas expectativas materiais e intelectuais véñense abaixo. Partindo da figura de Barbeito, que pode coñecerse en moitos traballos, interesábame como influíra naquela xeración de mulleres.

## **Aí. Semella unha advertencia do que pode pasar hoxe nalgúns casos.**

**PC.** Si, hai cousas que non son pasadas, a historia pode volver en determinadas sociedades. Estamos a ver como poden

darse retrocesos. Hai que estar alerta.

## **Aí. En que proxectos andas metida?**

**PC.** O premio semella que lle veu ben á obra *As alumnas*, dirixida por Fina Calleja con Anabel Gago e Mónica Camaño que estaba en carteleira e que ampliará o número de actuacións. Pola miña parte, estou coa tradución da obra ao castelán que editará Kalandraka, o proxecto “Mulleres que viven soas” que vai acabar nun podcast con Xiana Arias e logo ao teatro, e con outro podcast, “Historias de medo”, no que conto contos de terror que me gustan cunhas presentacións tipo Alfred Hitchcock. Será para un público novo e a partir de decembro.

## **Aí. Levas máis de trinta libros, de teatro e outros xéneros, para adultos e sobre todo pequenos. Recórdaste escribindo desde sempre?**

**PC.** Si, desde nena en Maniños,



### teatro na literatura galega?

**PC.** Ata hai pouco un ben cativo. Os poetas queixábanse, pero nós eramos os últimos para todo. Agora comeza a verse un pequeno cambio, polo menos xa van aparecendo coleccións de obras en editoriais, e albíscase un certo interese.

**AÍ. Na obra *As alumnas* fálase moito da importancia da pedagogía. Como ves o tema no caso de Galicia?**

**PC.** Como un elemento clave que nos ten que conectar coa cultura. No caso de Galicia está moi ligado ao traballo coa lingua e o ensino, como ben sabía María Barbeito, cuxo legado está moi vivo. Aí é cando te decatas, cando falas coa xente moi maior que tiveron contacto con esa forma innovadora de traballar e aprender e que agradecen esa educación que se lles deu, eses mestres e mestras que lles aportaron tanto no eido afectivo, sexual e formativo.

**AÍ. Levas moito tempo actuando e escribindo para a escena. Se falamos de pedagogía, que aportaría o teatro como materia nos colexios?**

**PC.** Só lle vexo vantaxes. En primeiro lugar o traballo en equipo, a expresión oral e corporal, a memoria, a desinhibición e o meterte no pelexo de calquera persoa. Podes ser calquera personaxe e adoptar as súas características. Pero ademais, desde o punto de vista do ámbito do traballo vese o teatro como algo para actores ou actrices, pero non todo é actuar. Desde o traballo de dirección, escrita, vestiario, luces, música... Non hai nada máis completo.

## **“INTERESOUME A FIGURA DE MARÍA BARBEITO COMO EXEMPLO QUE INFLUÍU TANTO NUNHA XERACIÓN DE MULLERES”**

de xeito natural. Primeiro relatos e logo cada vez máis para teatro, sobre todo xa asentada en Santiago despois de vir estudar e formando parte da compañía Berrobambán,

a partir do 96. E hoxe cunha rutina, ou ben pola mañá ou ben entrada a tardiña, despois da sete ou así. Depende do traballo coa compañía.

**AÍ. Que lugar cres que ocupa o**

# PROGRAMACIÓN CULTURAL

## OUTUBRO



6  
OUT

Baldur Brönnimann dirixe á Real Filharmonía con Alberto Rosado ao piano. O programa inclúe obras de Kaija Saariaho, Györg Ligeti e Sergei Rachmaninov. Coa participación do alumnado da Escola de Altos Estudos Musicais.

### Real Filharmonía de Galicia

Sociedad Filarmónica Ferrolana

Auditorio | 20.30h | 15€ (socios 4€)

Clásica




8  
OUT

Os mellores e máis premiados ilusionistas do momento nun mesmo escenario: Dania Díaz (Venezuela), Paul Ponce (Arxentina), o Dúo Kybalion (Rusia) e os españois Edama e Miguel Muñoz.

### Gran Gala Galicia Ilusiona

Jofre | 18.00h e 20.30h | Desde 12€

Familiar



13  
OUT

A banda, icona do power pop e do folk rock de finais dos oitenta, ofrece os seus sons densos de guitarra cunha marca clasicista.

### Teenage Fanclub

Auditorio | 20.30h | Desde 12€

Rock&(Fe)rrrol



26  
OUT

Baixo a dirección de Lina Tur Bonet o ensemble MUSIca ALcheMIca ofrece unha selección das Sonatas do Rosario de Heinrich Ignaz Franz Von Biber.

### Lina Tur Bonet

Sociedad Filarmónica Ferrolana

Jofre | 20.30h | 15€ (socios 4€)

Clásica



28  
OUT

“La taberera del puerto”, unha das zarzuelas máis coñecidas e representadas do repertorio lírico do século XX, chega a Ferrol da man da Camerata Lírica.

### La Taberera del Puerto

Camerata Lírica

Jofre | 20.30h | Desde 12€

Zarzuela

**06** venres

20.30 H

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

### Música

AUDITORIO (FERROL)

15€

**O PIANISTA ALBERTO ROSADO ACOMPAÑA Á REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA NUN CONCERTO DIRIXIDO POR BALDUR BRÖNNIMANN.**

O programa inclúe a interpretación de *Ciel d'Hiver*, da compositora finlandesa Kaija Saariaho; o *Concerto para piano e orquestra*, de György Ligeti, considerado un dos máis grandes compositores do século XX; e *Danzas Sinfónicas, op. 45*, do pianista ruso Sergei Rachmaninov.

**08** domingo

18.00 H

## NATANAM

### Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 / 8,40 €



**ESPECTÁCULO DA COMPAÑÍA DA.TE DANZA, PREMIO FETÉN AO ACHEGAMENTO DA DANZA Á PRIMEIRA INFANCIA.**

Dúas personaxes bailan nunha sala de xogos chea de area. Trazan debuxos xeométricos como os que fai a poboación do sur da India nas entradas das casas e que se borran en pouco tempo. Mentres, cantan e falan sobre o lugar ao que van as cousas cando desaparecen. *Natanam*, que significa danza en sánscrito, é un espectáculo de danza contemporánea dirixido a nenos a partir de seis meses.

**07** sábado

20.00 H

## LA COMEDIA DE LOS ERRORES

### Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

20 €



**SHAKESPEARE VERSIONADO POR ALBERT BORONAT CUN MAGNÍFICO ELENCO LIDERADO POR PEPÓN NIETO E BAIXO A DIRECCIÓN DE ANDRÉS LIMA.**

Antífolo e Dromio de Siracusa, amo e criado, chegan a Éfeso na busca dos seus respectivos irmáns xemelgos, separados polos pais despois dunha gran tormenta. O pai das dúas parellas chega tamén á cidade, pero é detido por estranxeiro sen papeis nada máis pisar o porto e condenado a morte. Só atopando aos seus fillos poderá salvarse.

A confusión xerada pola parecidísima aparencia dos xemelgos desencadea unha boa lista de erros, que dan lugar a situacións ilóxicas nas que todo se enreda cada vez máis, erro tras erro.

Un caos de irmáns, irmás, duques, criados, cociñeiras, unha abadesa, verdugos, policía... e todo isto representado por un elenco de seis actores: Pepón Nieto, Antonio Pagudo, Fernando Soto, Rulo Pardo, Esteban Garrido e Avelino Piedad.

**07** sábado

19.00 H

## UN AGASALLO PARA XAQUÍN

### Homenaxe a Xaquín Marín

TEATRO JOFRE (FERROL)



**GALIZA CULTURA CONVOCA UNHA HOMENAXE POLOS 60 ANOS DE TRAXECTORIA PROFESIONAL DE XAQUÍN MARÍN, HUMORISTA GRÁFICO DE REFERENCIA NO ÚLTIMO MEDIO SÉCULO.**

A Federación de asociacións culturais Galiza Cultura rende tributo “ao cronista gráfico da Galiza popular dos últimos 60 anos” nun acto no que participarán compañeiras e compañeiros de profesión (Siro, Pepe Barro, Pilar Sampedro, ...) e o propio Xaquín Marín. O acto conduciráo Quico Cadaval, que fará unha aproximación retranqueira á obra de Marín, e contará coa música da St. James Dixie Band.

**08** domingo

18.30/20.30 H

## GALICIA ILUSIONA

### Maxia

TEATRO JOFRE (FERROL)

12 €



**GALA CON ALGÚNS DOS ILUSIONISTAS MÁIS PREMIADOS DO PANORAMA INTERNACIONAL.**

O cartel inclúe á maga venezolana Dania Díaz, que presenta un espectáculo no que mistura ilusións e narración de historias ao arentino Paul Ponce –un dos mellores malabaristas do mundo–, quen mostrará a destreza e velocidade das súas mans. Ao dúo Kybalion, formado pola rusa Inna Rudova e o arentino Guillermo Neumayer, expertos ambos os dous en cambios rapidísimos de vestuario. Ao multipremiado logroñés Amadeo Edama, especialista en maxia de gran formato. E, por último a Miguel Muñoz, campión mundial de maxia. Din dos seus espectáculos que son pura poesía visual.

**Tu tienda de música en FERROL**



C/ Magdalena, 31 Bajo  
15402 FERROL - A Coruña  
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453  
e-mail: info@clefmusic.es

[www.clefmusic.es](http://www.clefmusic.es)

**13** venres

20.30 H

## TEENAGE FAN CLUB

**Música**

AUDITORIO DE FERROL

15 €



**A BANDA ESCOCESA DA ÉPOCA DOURADA DO INDIE PRESENTA AS CANCIÓNS DO SEU NOVO DISCO, “NOTHING LASTS FOREVER”, QUE VEN DE PUBLICARSE.**

Camiño xa dos 35 anos de vida musical e, por tanto, instalados na categoría de clásicos do rock, os escoceses teiman no seu “son dos 90” emparentado coas melodías dos Byrds e o sentimento power pop. O novo disco o disco é “reflexivo” e “persoal” –segundo declarou en Reino Unido Norman Blake– e toca temas como a mortalidade e a idea da luz. “Estas cancións son definitivamente persoais. Vámonos facendo maiores, sacamos o traxe negro do armario máis a miúdo... Pensamentos sobre a mortalidade e a idea da luz deberon estar a roldar moito polas nosas mentes”, dixo.

**13** venres

23.00 H

## VIRGINIA RED

**Música**

SALA RUÍDO (FERROL)

DESDE 6 €

A banda de rock metal Virginia Red presenta o seu disco *Of Mind, Space & Time*. Creada en Neda hai só tres anos, o grupo fórmano Hugo Espiñeira, Anxo Cabada, Ángel Martínez, Diego Rodríguez e Martín Grela. No concerto da sala Ruído estarán acompañados pola banda valencíá Everglades.

**13/14** venr./sáb.

20.30/20.00 H

## SÍBARIS

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



**CARLOS BLANCO PROTAGONIZA A ÚNICA PEZA TEATRAL DE DOMINGO VILLAR, UNHA COMEDIA NEGRA DA COMPAÑÍA CON DE TRES PÉS, DIRIXIDA POR LOIS BLANCO.**

*Sibaris* conta a historia de Víctor Morel, un escritor en plena crise creativa, que non atopa a inspiración e que ten que facer fronte ao seu pesimismo pero tamén a unha situación económica que cada vez é máis complicada. A súa muller, Laura, convénceo para que acepte unha xenerosa oferta da Universidade da Sorbona, na que terá unicamente que impartir unha clase maxistral. Pero a súa primeira aparición en público tras varios anos remata nun ataque de pánico e unha espantada antes de tempo. Este novo fracaso, afunde á familia no máis absoluto desconsolo e, xusto neses momentos, a Laura ocórreselle a que podería ser a solución aos seus problemas.

En ton de comedia e con claras pinceladas surrealistas, *Sibaris* está protagonizada por Carlos Blanco, que estará acompañado nas táboas dos actores Belén Constenla, Oswaldo Digón e Pablo Novoa.

PROGRAMACIÓN  
**2023**



## OUTUBRO

S **07** 20:00 HORAS

COMEDIA  
PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

### LA COMEDIA DE LOS ERRORES

D **08** 18:00 HORAS

DANZA CONTEMPORÁNEA  
DATE DANZA

### NATANAM

V **13** 20:30 HORAS

S **14** 20:00 HORAS

COMEDIA  
CON DE TRES PÉS

### SÍBARIS

S **21** 20:30 HORAS

CONCERTO  
EVENTI

### CONCERTO DE TENNESSEE

## NOVEMBRO

V **03** 20:30 HORAS

MÚSICA FOLK  
MIGUEL LAMAS Y ARDORA

### CONCERTO DE MIGUEL LAMAS E ARDORA

S **04** 20:00 HORAS

TEATRO  
TITZINA TEATRO

### BÚHO

V **10** 20:30 HORAS | CAFÉ TEATRO

MÚSICA  
CONCERTO 1917 DE LA VELLA DIXIELAND

### LA VELLA DIXIELAND

S **11** 20:00 HORAS

TEATRO MUSICAL  
CTME

### CHICAGO LIFE EL MUSICAL



**PAZO DA  
CULTURA**  
Concello de Narón



26 xoves 20.30 H

## MÚSICA ALCHEMICA

### Música

TEATRO JOFRE (FERROL)



**A VIOLINISTA LISA TUR BONET E A FORMACIÓN MÚSICA ALCHEMICA INTERPRETAN AS SONATAS PARA VIOLÍN DE BIBER.**

MUSICa ALcheMica é unha formación camerística flexible fundada en Alemaña pola violinista española Lina Tur Bonet. En Ferrol interpretará as *Sonatas do Rosario de Biber*, unha obra única na historia da arte. Heinrich Ignaz Franz von Biber naceu en 1644 e foi un virtuoso do violín famoso no seu tempo. Compuxo estas sonatas ao redor de 1676 en Salzburgo. Están organizadas en tres grupos de Misterios, de cinco en cinco, como o rezo do Rosario. Unha notable singularidade desta obra é que cada sonata interprétase cun violín nunha scordatura distinta.

28 sábado 20.30 H

## LA TABERNERA DEL PUERTO

### Zarzuela

TEATRO JOFRE (FERROL)

DESDE 12 €



**A COMPANÍA CAMERATA LÍRICA INTERPRETA ESTA ZARZUELA ROMÁNTICA EN 3 ACTOS, CON MÚSICA DE PABLO SOROZÁBAL Y LIBRETO DE ROMERO SARACHAGA Y FERNÁNDEZ-SHAW.**

Baixo a dirección artística de Rodolfo Albergo e musical de Virgil Popa, a Camerata trae ao Jofre unha das zarzuelas máis coñecidas e representadas do repertorio lírico español do século XX. Estreada en 1936, supuxo un paso máis no camiño seguido por Sorozábal na modernización do xénero, afastándose do folclorismo.

31 domingo 17.00 H

## SAMAÍN

### Festa

LOCAL SOCIAL DE SAN MATEO (NARÓN)

**NARÓN CELEBRA UN ANO MÁIS ESTA FESTA TRADICIONAL DO OUTONO CON EXPOSICIÓNS, OBRADOIROS E MÚSICA.**

As actividades infantís e os obradoiros de maquillaxe serán previos á comitiva de luces e tebras cando caia a noite. A partir dese momento, música tradicional e degustacións gastronómicas.

ESTREA 29 DE OUTUBRO



**Paul B. Preciado**  
**ORLANDO**  
**A MIÑA BIOGRAFÍA POLÍTICA**

**ENTREVISTA AO DIRECTOR:**



**Cando leu por primeira vez Orlando, de Virginia Woolf, e en que momento xurdiu o desexo de utilizalo como punto de partida?**

Lin o libro de Woolf cando era adolescente en España. Era a primeira vez que lía ou escoitaba unha historia na que o protagonista cambiaba de xénero en metade do relato. Lelo foi un shock. E, con todo, naquel momento non pensaba en converterme nunha persoa transxénero como son hoxe, no sentido

de que mesmo a existencia política dunha persoa trans érame completamente descoñecida a mediados dos 80. Pero a lectura do libro probablemente fixo posible esa transformación nalgún lugar da miña imaxinación. Por iso este libro é crucial para min: a miña existencia futura fíxose posible non na realidade, senón na ficción e grazas á ficción.

**Orlando, esa “narrativa fundacional”, como vostede a chama, acompañouno desde a adolescencia?**

Non, non tanto. Non volvíñ lelo durante anos (...)  
 O libro volveu a min cando empecei a dar-me conta de ata que punto existía fóra das narrativas tradicionais. Penso nas historias que constituíron a columna vertebral da construción da transexualidade como unha psicopatoloxía no século XX; a persoa trans como unha persoa asocial, como delincente, como un perigo para a “feminidade natural”. Pero, en 1928, é

dicir, mentres esa potente patoloxización médica e narrativa sobre o cambio de sexo empezaba a tomar forma, Virginia Woolf deu un paso ao lado e propuxo unha versión poética, case metafísica, da transición de xénero.

**Orlando vai máis aló da fantasía social...**

Si. Podemos pensar en Psicose de Hitchcock, un dos primeiros éxitos populares da historia do cinema, como na película seminal nunha construción do medo ao redor da figura da persoa trans, coa invención da persoa trans como enferma mental e asasina en serie. Case tería graza se a fantasía non persistise no discurso dominante do feminismo antitrans, coas súas historias de que é necesario defenderse dos homes que se visten de muller para atacalas nos baños... Cando ocorreu iso na historia fora do cinema de terror? Desde Psicose ata *Vestida para matar*, de Brian de Palma, ou *O silencio dos cordeiros*, ata *Titane*, de Julia Ducournau, Palma de Ouro en Cannes en 2021, esa representación necropolítica das persoas trans segue dominando o cinema aínda hoxe en día, a pesar da crecente visibilidade e recoñecemento legal. Falamos moito da hexemonía da “mirada masculina”, pero tamén deberíamos falar da “mirada binaria” e da súa omnipresencia na historia do cinema.

**Fragmento de ‘Unha conversa con Paul B. Preciado’. Entrevista con Philippe Azoury, extraído de atalantecinema.com**

## 06 OUTUBRO

### CHINAS

Arantxa Echevarria

2023 | 118' | ESPAÑOL | +16



Lucía, Xiang e Claudia son tres rapazas de orixe chinesa que viven en Madrid pero con realidades completamente opostas.


**San Sebastián 2023**

“Un triángulo romántico maravillosamente interpretado” Los Angeles Times

### DISPARARON AO PIANISTA

Fernando Trueba, Javier Mariscal

2023 | ESPAÑA | 103' | VARIOS IDIOMAS | +12



Un xornalista musical de Nova York comeza unha trepidante investigación tras a misteriosa desaparación dun pianista brasileiro.

**San Sebastián 2023 (sección oficial)**

“O jazz e a animación forman unha boa parella (...) un híbrido intrigante en todos os sentidos” Variety

## 11 OUTUBRO

### O CORNO

Jaione Camborda



2022 | ESPAÑA | 103' | GALEGO | +16

Galicia, anos 70. Unha parteira vese obrigada a fuxir a Portugal a través dunha ruta de contrabandistas tras un desafortunado accidente  
**San Sebastián 2023 (sección oficial)**

“Todo soa a verdade. Un filme que non teme ás emocións, senón que respecta cada unha das súas manifestacións” Cineuropa

### ORLANDO, A MIÑA BIOGRAFÍA POLÍTICA

Paul B. Preciado

2023 | FRANCIA | 98' | FRANCÉS, ESPAÑOL +12 | RECOMENDADA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO



En 1928, Virginia Woolf publica Orlando, na que o personaxe principal cambia de sexo no medio da historia. Un século máis tarde, o filósofo Paul B. Preciado decide escribirlle unha carta a Virginia Woolf: o seu Orlando saíu da ficción e leva unha vida que xamais imaxinaría.

**Berlín 2023 (Encounters: Premio Especial do Xurado, Documentary: Mención especial, Premio Teddy ao Mellor Documental, Premio dos lectores de Tagesspiegel)**

“Vibrante, intelixente e emotivo” El País

## 20 OUTUBRO

### OS ASASINOS DA LÚA

Martin Scorsese

2023 | EUA | 206' | INGLÉS

Cando se descobre petróleo na Oklahoma dos anos 20, baixo as terras da nación Osage, os seus habitantes son asasinados un a un ata que o FBI interven para resolver os crimes.

**Cannes 2023 (Preestrea)**

“Scorsese deixa a Cannes mudo




e absorto con outra lección de mestría. Fai xustiza á súa propia, insustituíble obra” El Cultural

## TEMPADA DE ARTE

### VERMEER: A MAIOR EXPOSICIÓN DA HISTORIA David Bickerstaff

2023 | ITALIA | 90 | INGLÉS | TP




Unha histórica retrospectiva sobre o artista neerlandés do século XVII. Con préstamos procedentes de todo o mundo, O Rijksmuseum de Ámsterdam reúne 28 dos 37 cadros de Johannes Vermeer, 7 dos cales non foran nunca expostos. O Rijksmuseum e o Mauritshuis

da Haia, levaron a cabo unha investigación sobre a arte de Vermeer e o proceso creativo detrás das súas pinturas.

**26 OUTUBRO**  
**ESTA AMBICIÓN**  
**DESMEDIDA**

**Santos Bacana, Cristina  
Trenas, Rogelio González**  
2023 | ESPAÑA | 135' | ESPAÑOL | +16



Despois do éxito do disco de 'O Madrileño', C.Tangana enfróntase ao reto de crear a xira máis ambiciosa da súa carreira e revolucionar o concepto do directo. Unha viaxe que segue ao artista durante máis de catro anos.  
**San Sebastián 2023 (Velódromo)**

**27 OUTUBRO**  
**O RAPAZ E A GARZA**  
**Hayao Miyazaki**

2023 | XAPÓN | 124' | XAPONÉS



O filme mostra o crecemento psicolóxico dun rapaz adolescente a través de interaccións cos seus amigos e o seu tío. Está baseado no libro de 1937 do mesmo nome, escrito por Genzaburo Yoshino.  
**San Sebastián 2023 (sección oficial)**

# FOCOS

Coa tarxeta FOCOS, ven a cinco pases das nosas programacións paralelas e a sexta corre á nosa conta.

## OFF duplex

O mellor cinema alternativo

**XOV 5 ÁS 20:00**

### MISIÓN A MARTE

**Amat Vallmajor del Pozo**  
2022 | ESPAÑA | 80' | ESPAÑOL | +12



Nun País Vasco post-apocalíptico, dous irmáns parten nunha misión a Marte. Txomin, un arqueólogo vasco en paro, recibe o encargo dunha peritaxe en Marte. Co seu irmán Gene ao volante, parten de Eibar nunha aventura polo norte de España. A fráxil saúde de Gene e unha bruma tóxica que aparece misteriosamente, fanos desviarse do camiño e acudir á súa irmá Mila.

“Unha delirante road movie distópica” Cineuropa

**Coa presenza do director**

**PREMIO LATEXOS EDIC 07**  
Sesión coorganizada con  
**NOVOS CINEMAS. FESTIVAL  
INTERNACIONAL DE CINEMA DE  
PONTEVEDRA**

## DUPLEX Dúo

Pases únicos en relación con estreas destacadas

**MAR 26 ÁS 20:15**

### O MEU VECIÑO TOTORO

**Hayao Miyazaki**

1988 | XAPÓN | 86' | XAPONÉS | TP



Nos anos 50, unha familia xaponesa trasládase ao campo. As dúas fillas, Satsuki e Mei, traban amizade con Totoro, un espírito do bosque. O pai relátalles fábulas máxicas sobre trasgos e espíritos protectores do fogar, mentres a nai se encontra enferma no hospital. Kinema Jumbo 1989 (Mellor Filme)

“Un relato hipnótico cun pé na realidade e ou outro na máis desbordante imaxinación. Un conto maravilloso” El Mundo

## PETÍS DUPLEX

ENTRADA GRATUÍTA A RECOLLER NO CINEMA ANTES DE CADA PROXECCIÓN. EN COLABORACIÓN COA CONCELLARÍA DE CULTURA DE FERROL

### DOM 1 E DOM 15 ÁS 12:00 PONYO NO ACANTILADO

Hayao Miyazaki

2013 | XAPÓN | 137' | VE | TP

RECOMENDADO PARA CRIANZAS DE 7 OU MÁIS ANOS.

A historia céntrase en Sosuke, un rapaz de cinco anos, e a súa relación cunha princesa peixe que ansía converterse nun ser humano. Libre adaptación de A Sereña que obtivo unha moi boa acollida da crítica no festival de Venecia en 2008.

**Venecia 2008 (candidato a Mellor Filme) Asociación de Críticos de Chicago 2009 (candidato a Mellor Filme de Animación)**



“A última obra mestra de Miyazaki. Marabillosa” *The New York Times*

### DOM 8 E DOM 22 ÁS 12:00 OINK, OINK

Mascha Halberstad

2022 | PAÍSES BAIXOS | 72' | VE | TP

Especialmente recomendado para crianzas de 7 ou máis anos.

Babs, unha cativa de 9 anos, recibe a un porquiño chamado Oink como agasallo por parte do seu avó.

As cousas empezan a complicarse de maneira inesperada cando descobre que os seus pais non son a maior ameaza para Oink.

**Sitges 2022 (candidata a Mellor filme de animación); European Film Awards 2022 (candidata a Mellor filme de animación)**



“Presenta un mundo brillante e cheo de cor, con fantásticos deseños de personaxes ao estilo de ‘Charlie a fábrica de chocolate’ ou ‘Matilda’ (...) Adorable, reconfortante e conmovedora.” *SlashFilm*

### DOM 29 ÁS 12:00 LEMBRANZAS DE ANTANO

Isao Takahata

1936 | EEUU | 89' | VE | TP

Especialmente recomendado para crianzas de 7 ou máis anos.

Taeko Okajima regresa á súa casa de Yamagata, onde viviu os momentos máis felices da súa vida. No transcurso da viaxe á granxa dos seus familiares, Taeko irá recordando o seu pasado, mentres vive intensamente o presente, sen saber moi ben que facer coa súa vida.



“Un milagre de animación tan sutil que non se desprega totalmente até que o levas contigo a casa e aos teus soños.” *Rolling Stone*



## ENSAIO

# COMO REMATAR COS LIBROS DUNHA VEZ POR TODAS

MARIO PAZ GONZÁLEZ | INSTITUTO ESTUDOS CHAIREGOS | 132 PÁX.

**HAI LIBROS QUE NACIDOS DA CASUALIDADE E CASE SEN PRETENDELO VAN TOMANDO FORMA E XEITO E ACABAN CONQUISTANDO O NOSO CORAZÓN LECTOR.**

Sen pretensións pero coa verdade do amante da literatura, a presente compilación de Mario Paz, con título inspirado en Woody Allen, está formada por artigos publicados na vozdevilalba.gal, da que Paz foi un dos seus responsables. De feito xa o fora con 11 anos! Cando a publicación en papel sobreviviu desde 1983 a 1986. Da segunda etapa dixital, entre 2008 e 2023, son estes artigos nos que o xa hoxe profesor une dun xeito exquisito erudición, ironía e paixón polos libros, como no artigo no que equipara o “Pierre Menard” de Borges co roscón de Vilalba... impagable. A maiores, as lúcidas achegas literarias de Mario Paz afondan sobre Risco e Castelaio, Cunqueiro e Ramiro Fonte, Torrente Ballester ou Dieste. Pero gran parte do valor do libro vén pola constatación de que o mundo pode ser visto desde a súa vila e conectar con calquera autor ou idea. Do local ao universal, que pode ir desde a reivindicación da lingua galega ata a crítica a un George Steiner que, ignorándoa, quixo rebaixar o galego fronte ó catalán. Non hai que esquecer outro estímulo da publicación, o limiar de Helena Villar Janeiro e a cuberta do artista e poeta Baldo Ramos. Unha delicia.

## TEATRO

# MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA

DARÍO FO | GALAXIA | 158 PÁX. | **13,50 €**

A espléndida colección de teatro de Galaxia publica, coa tradución da sempre solvente María Alonso Seisdedos, a obra mestra do Nobel Darío Fo (1926-1916) estreada nos escenarios en 1970. Con prólogo do propio autor, “Morte accidental dun anarquista” non é só unha obra dramática redonda, entretida e enxeñosa, é tamén unha denuncia da inxustiza, da represión e covardía que tantas vidas truncaron ao longo da historia en nome do Estado e a orde.

## BANDA DESEÑADA

# O PASO DO NOROESTE. AS AVENTURAS DO CAPITÁN DUCHESNOY

XAVIER QUEIPO / PRIMITIVO MARCOS | GALAXIA | 158 PÁX. | **25 €**

Adapta Xavier Queipo a súa novela “O paso do Noroeste” (1996) a banda deseñada coa colaboración do ilustrador Primitivo Marcos. No ronsel de Stevenson, nas vésperas da Revolución francesa, a finais do século XVIII, a nave *L'Épée* parte da Bretaña coa misión de atopar unha vía segura que conecte o Atlántico e o Pacífico a través do Ártico occidental. Ao mando da expedición vai o capitán Duchesnoy, acompañado polo científico Mirabeau. Relato de viaxes, aventura e derrota co arrecendo da aventura clásica para todas as idades.

## DELICIAS SONORAS




### VV.AA. **OCEANOE. TRAVESSIA POLO MAR DAS ANTELAS**

En pleno corazón da comarca da Limia, en Vilar de Santos, Noemi Vázquez leva unha década dirixindo un local insólito coñecido polo culto á música. Pola “Arca da Noe” levan pasado os mellores creadores do país. Trala pandemia, e pensando que quizais a sala acabaría pechando, Noemi decidiu desenvolver o proxecto co impulso dun crowdfunding dun libro-CD que deixara testemuño da aventura: “Oceanoe. Travessia polo mar das Antelas”. A parte da escrita foi elaborada por Irene Veiga a xeito de libro de bitácora, mentres que na musical poden escoitarse 19 pezas que inclúen a moitos dos artistas que pasaron polo local como Uxía, Sérgio Tannus, Xabier Díaz, Xosé Lois Romero, Habelas Hainas, Xoán Curiel, Eliseo Parra, Faia Díaz, Davide Salvado, Xurxo Souto, Leo de Matamá, Belem Tajés, Javier Álvarez ou Luis Pastor entre outros. Cada tema vai acompañado dun vídeo rexistrado pola zona. Tamén se inclúen as letras e un código QR con información sobre as gravacións. Un artefacto que deixa constancia do milagre e afouteza dunha muller mecenas e visionaria.



### TEENAGE FANCLUB **NOTHING LASTS FOREVER**

O novo disco de Teenage Fanclub impulsa á banda escocesa a unha xira de concertos que traerá aos músicos a Ferrol. “Nothing lasts forever” é o undécimo traballo da banda de Norman Blake (que xa actuou un par de veces na cidade), Raymon McGinley e Gerad Love, aínda que este xa non está desde hai un par de discos. Si forma parte o excelente cantante e teclista Euros Child (ex Gorky’s Zygotic Mynci), cuxa presenza é clara neste “Nada dura para sempre”. Non hai un disco dos Teenage Fanclub que non inclúa varios temas boísimos aínda que non cheguen xa á altura de cumios como “Bandwagonesque”, “Grand Prix” ou “Songs from Northern Britain”. E iso pasa aquí con cancións estupendas como “Foreign land”, “It`s Allright” ou “Falling into the sun”, aínda que non moitas máis nun grupo de temas máis repousados e con menos nervio do que adoitaban traballos previos. A estas alturas, cun estilo de harmonías e guitarras tan copiado, posiblemente o grupo non gañaría un concurso de imitadores de Teenage Fanclub, pero sen dúbida “Nothing lasts forever” é unha obra moi prazenteira.



### DOCUMENTAL: **HAVE YOU GOT IT YET? A HISTORIA DE SYD BARRETT E PINK FLOYD**

A grande virtude dun documental sobre un artista estaría en humanizar ao retratado e devolvernos unha imaxe real de seu, clarificar e/ou eliminar mitos. Atendendo a estas premisas un só pode gozar de “Have you got it yet?”, o novo documental con imaxes inéditas sobre Syd Barrett, o fundador de Pink Floyd, dirixido por Storm Thorgerson e Roddy Bogawa visible na plataforma Movistar Plus. Trala historia do xenio musical e visionario que crea unha banda de referencia pero o seu cerebro fica afectado polas drogas e resulta expulsado da mesma, o documental aporta os testemuños dos compañeiros de Pink Floyd. Tamén de luminarias musicais (Who, Blur, etc.), actores, psiquiatras, familiares, moitas mozas e amigos que certifican o brutal talento de Barrett, a súa curiosidade omnívora, un mundo creativo insólito e a súa humanidade afectada pola dependencia. Unha historia admirable, pola capacidade creadora do artista, e moi triste por un final devastador. En calquera caso, un filme hipnótico.

# Gadis



# cultura

En Gadis, o compromiso coa nosa culura está no noso ADN. Desde hai máis de 30 anos, colaboramos con festivais de música, cine, teatro, pintura... Tamén coidamos da nosa literatura, apoiando desde sempre as nosas letras, pois levamos xa repartidos de forma gratuíta 360.000 libros en galego.

**GADIS**

#EnConfianza



## Memorabilia


### CAN SEN DONO

ATA O 27/10/2023

#### MUSEO DO HUMOR (FENE)

DE LUNS A VENRES: DE 10.00 A 13.00 HORAS E DE 16.00 A 21.00 HORAS.  
SÁBADOS: DE 10.00 A 13.00 HORAS. DOMINGOS E FESTIVOS. PECHADO

A revista “Can sen dono” naceu en 1983 e desapareceu, con 23 números publicados e catro entregas extraordinarias, en 1989. Cúmprense, pois, 40 anos da posta en marcha deste proxecto pioneiro do humor gráfico galego, que naceu en Vigo do primeiro seminario galego de humor. Na revista publicaron, entre outros, Chichi Campos, Xaquín Marín, Nacho Hortas, Xosé Lois, Calros Silvar, Lola Blázquez. Paco Oti, Siro, Gogue, Jaraba, Quesada e Pepe Carreiro, todos con sobranceiras traxectorias posteriores. A mostra está composta por materiais diversos da publicación, desde debuxos orixinais a pezas como acetatos e recortes que se empregaban para a composición das páxinas da revista”. Por suposto, na exposición están as reproducións de todas as portadas de Can sen dono, xunto con correspondencia orixinal.



## Pintura

### SOÑO DE NAVEGANTE

ATA O 05/01/2024

#### AFUNDACIÓN (FERROL)

DE LUNS A VENRES: DE 17.00 A 20.30 HORAS. SÁBADOS: DE 11.00 A 14.00  
E DE 17.00 A 19.00 H. DOMINGOS E FESTIVOS: PECHADO



Entrelazadas por unha historia común, un tronco orixinario do cal, mesturado con outras raíces xurdiron pólas de singularidade excepcional, a cultura cubana e a galega posúen numerosos elementos en común. A idiosincrasia, moitas das tradicións, vocábulos, refráns e maneiras de ver a vida, son o froito do fluxo constante entre unha terra e a outra, que durante séculos, fraguou a relación entre estes dous países.

A partir da revisión dos fondos da Colección de Arte Cubano Contemporáneo Luciano Méndez Sánchez, a exposición Soño de Navegante convida a realizar un percorrido pola arte cubana contemporánea dos últimos cincuenta anos; transitando por diferentes temáticas, estilos, soportes e autores que se converteron en imprescindibles dentro do escenario plástico da illa.

Máis aló de estilos, técnicas ou pertenza a movementos artísticos, algo que se expón como un tronco común na arte cubana é a presenza da súa idiosincrasia. Unha idiosincrasia única e singular, que, aínda que atopa puntos en común con outras culturas, pon de manifesto quen somos e de onde vivimos.



ASOCIACIÓN  
GALEGA DE  
APICULTURA  
DAGA Ferrolterra

# XXII FEIRA DO MEL E PRODUCCIÓN PRIMARIA

# OUTUBRO

## 01 domingo

### TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

### CONVERSAS

## 05xoves

### INFANTIL

18.00 h Biblioteca Xosemaría Pérez Parallé. Fene.

### TOUPICIENCIA

## 06venres

### MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

### REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

## 07 sábado

### TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

### LA COMEDIA DE LOS ERRORES



## 08 domingo

### INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

### NATANAM

### MAXIA

18.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

### GRAN GALA GALICIA ILUSIONA

### TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

### MAMAAA!!!!

### MAXIA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

### GRAN GALA GALICIA ILUSIONA



## 12xoves

### TEATRO

21.00 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

### ¡GUAPA!

## 13venres

### TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

### SÍBARIS

### MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

### TEENAGE FANCLUB

### TEATRO

21.00 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

### PEAJES

### MÚSICA

23.00 h Sala Ruído. Ferrol.

### VIRGINIA RED & EVERGLADES

## 14 sábado

### TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

### SÍBARIS



### TEATRO

21.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

### MUJER EN CINTA DE CORRER SOBRE FONDO NEGRO

## 15 domingo

### FEIRA

Todo o día. Recinto feiral de Sedes. Narón.

### FEIRA DO MEL

### TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

### EL ACERO DE MADRID

## 19xoves

### INFANTIL

18.00 h Biblioteca Xosemaría Pérez Parallé (Fene)

### PROCÚRA-SE PEPA A LOBA

## 21 sábado

### MÚSICA

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

### TENNESSEE

## 22 domingo

### TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

### RETRATOS VELLOSO

## 26xoves

### MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

### LINA TUR BONET

## 28 sábado

### ZARZUELA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

### LA TABERNERA DEL PUERTO



## 29 domingo

### TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

### HEROÍNAS COTIÁS

## 31 martes

### FESTA

17.00 h Local social de San Mateo. Narón.

### SAMAÍN



Nº 184  
ANO XVI

### EDITA:

ee | edicions embora  
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63 - 1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

edicionsembora

### DIRECTOR:

Miguel Toval

### DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

### REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás

Vidal, Kiko Delgado

### DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

# Provincia da Coruña

*... seguramente, a mellor opción*